

En contestación ao escrito presentado por Miguel Angel Delgado González en calidade de presidente da Plataforma en Defensa do Sector Marítimo Pesquero de Galicia, con número de entrada 2019/1879887 no rexistro electrónico da Xunta de Galicia no que solicita diversa información da Asociación de Letrados da Xunta de Galicia, inscrita na oficina pública de depósito de estatutos de asociacións sindicais e empresariais co número de depósito 82000115, infórmase respecto daqueles extremos que atinxen a esta oficina pública de depósito:

1.-A asociación de letrados da Xunta de Galicia, ten depositados os seus estatutos nesta oficina pública de depósito de estatutos de asociacións sindicais e empresariais, sendo o seu acceso público a través do seguinte enlace <https://expinterweb.empleo.gob.es/deose/>

2.-En relación co resto de información solicitada, o artigo 23 do Real Decreto 416/2015, de 29 de maio, sobre depósito de estatutos das organizacións sindicais e empresariais, indica o seguinte:

Os actos obxecto de depósito, unha vez que se ordene o mesmo pola oficina pública competente son de acceso público coas garantías previstas na Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal.

Calquera persoa estará facultada para solicitar **certificación dos actos obxecto de depósito**, que deberá ser expedida pola oficina pública competente, respetando en todo caso o disposto na Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro.

A oficina pública de estatutos só expedirá as certificacións dos cargos previstos no artigo 11, cando lle foran previamente comunicados, a quen acredite ser representante legal da organización que solicita a certificación dos seus cargos.

3.-Os DOG onde constan publicados a constitución de dita asociación así como as posteriores modificacións dos seus estatutos foron publicados nas seguintes datas:

19/01/1994
15/12/1994
12/11/2008
20/06/2014
22/12/2014

Santiago de Compostela, 31 de outubro de 2019
A subdirectora xeral de Relacións Laborais

